

ACTIVIDADE DÍA DA PAZ

De maneira habitual a biblioteca organiza unha actividade para conmemorar o Día da Paz.

Nos últimos anos está dirixida tanto ao alumnado do centro como ás súas familias dentro do programa Lectura e Familias e deste xeito para acadar un maior número de participación dentro da comunidade educativa.

Neste curso xa tiñamos unha idea:

CONCURSO-EXPOSICIÓN que consistía nunha decoración do símbolo da paz por parte do alumnado e escribir unha palabra relacionada coa temática por parte das familias. Despois faríase unha exposición na biblioteca colgando todos os símbolos recibidos e unha votación para escoller un deles como o “mellor” segundo os xuíces.

Tiñamos todo preparado soamente nos faltaba:

- TÍTULO DA ACTIVIDADE
- CARTEL PROMOCIÓN
- SÍMBOLOS DA PAZ

Para elo empregamos como recursos dos Polos Creativos o PLÓTER e a IA (ChatGPT)

TÍTULO E CARTEL DA ACTIVIDADE

Por unha banda, queríamos un título no que se relacionasen as cores da decoración do alumnado, as palabras proporcionadas polas familias a maneira de expoñer con cordeis e a temática da paz.

Por outra, unha imaxe dos símbolos da paz, con palabras relacionadas e colgados para expoñer.

TÍTULO E CARTEL FEITO CON IA (CHATGPT)

30 DE XANEIRO DÍA ESCOLAR DA PAZ

CONCURSO-EXPOSICIÓN
“CORES E PALABRAS
PARA SOSTER A PAZ”



ALUMNADO: pinta e decora o teu símbolo.

FAMILIAS: engadide unha palabra relacionada coa temática.



DATA LÍMITE MÉRCORES 29 NO RECREO!!

   Actividade enmarcada no programa Lectura e Familias 

SÍMBOLOS DA PAZ

O seguinte paso foi deseñar o símbolo da paz para repartir entre o alumnado así como un pequeno espazo para escribir a palabra escollida polas familias. Neste proceso empregamos o PLÓTER como recurso.



EXPOSICIÓN- CONCURSO

Aquí tendes o resultado final exposto na biblioteca.

